

ANEXO V: COMEZO DO CURSO E PERÍODO DE VINCULACIÓN

O curso 2024/2025 comezará o 5 de setembro

O día 3 de setembro faremos as reunión de inicio de curso coas familias

Ese día é cando tedes que traer á escola os enseres persoais do neno/a.

- Paquete de cueiros e crema (con nome)
- Un paquete de toallíñas.
- Chupete, se usa, para quedar na escola (con nome) ou outro obxecto de apego.
- Cepillo de pelo (con nome).
- Os bebés de 0 a 1 anos, biberón, leite e cereais, con nome en cada envase.
- Roupa de muda (camiseta interior e exterior, pantalón...) marcada co nome.

Período de vinculación

Establecemos como **período de vinculación xeral para os nenos e nenas da escola dende o 5 ata o 10 de setembro.**

Esos días virán unha hora na quenda que teñan asignada acompañados por unha persoa significativa para eles (nai, pai, avó, avoa, cuidadora...), que permanecerá na aula con eles.

A partir do 11 de setembro as crianzas poderán facer o horario elexido, salvo os casos que requiran máis presenza da persoa de referencia na aula. Isto será consensuado entre a familia e a educadora, tendo como criterio o benestar do neno/a.

Establecemos como **tempo máximo de acompañamento do adulto de referencia na aula 16 días, é dicir ata o 20 de setembro.** A partir dese día comezaremos as rutinas de aula sen adultos dentro, salvo que a educadora solicite a presenza de algún familiar por algún caso concreto que requira máis acompañamento. En calqueira caso pasados estes 16 días avisaríamos ás familias para recoller aos nenos se se atopan a disgusto na aula e necesitan ir escalonando o tempo de permanencia na escola.